

Baralla, a 22 de Setembro de 2020.

As familias do C.P.I Luís Díaz Moreno poñémonos de novo en contacto coa Administración para así obter una resposta da mesma en canto o proceso aberto no noso centro o curso pasado 2019-2020. Do cal non se obtivo ningunha resposta por escrito a nosa demanda de implantar a xornada escolar única.

As familias do C.P.I Luís Díaz Moreno vémonos desamparadas por parte da Administración, obtendo o silencio por resposta.

O curso pasado iniciamos un proceso administrativo por vía ordinaria para poder cambiar o horario escolar dos nosos fillos, xa que o actual, imposibilita a conciliación familiar, empeora as condicións de rendemento académico, prodúcense interrupcións horarias que mingúan o rendemento escolar, limita e concentra o tempo de estudo na casa, facendo que os nosos fillos estean sobrecargados de tarefas e non permite que podan asistir a actividades extraescolares.

Por outra banda, en canto ó profesorado, non se promove a continuidade do mesmo, non permite unha maior colaboración de profesorado e familias na xestión das actividades do centro e non garante o compromiso dun equipo directivo estable comprometido coa xestión do mesmo.

Seguindo a Orde do 29 de maio de 2008 (DOG do venres, 6 de xuño de 2008) que regula o procedemento iniciado no curso pasado 2019-2020 polo centro C.P.I Luís Díaz Moreno cumpríronse os requisitos establecidos na mesma, tendo un acordo favorable por maioría dos tres quintos do claustro, un acordo favorable por maioría dos tres quintos do consello escolar e un plan favorable de actividades extraescolares deseñado pola ANPA. Proceso que se viu freado pola resposta tardía e case fora de prazo por parte de transporte, obstaculizando así o posible recurso pola nosa parte.

Cabe sinalar que por parte da Consellería de Educación, a súa resposta en canto ó cambio á xornada única foi favorable ó mesmo, opoñéndose únicamente transporte.

Nembargante, fixemos unha sondaxe entre as familias do centro para reclamar que transporte nos deixase votar o cambio á xornada única en vía extraordinaria. O resultado da sondaxe entre as familias foi favorable no 58% do total do censo de pais, nais e titores legais do alumnado como marca a Orde do 29 de maio de 2008.

Iniciouse entonces un diálogo con transporte onde eles mesmos comprobaron que as rutas actuais dos buses e taxis auxiliares son modificables, sen que se vexa minguada a calidade, nin a dispoñibilidade deste servizo para os seus usuarios e familias.

Comprobaron e argumentamos tamén, en base ó séptimo artigo da Orde de 29 maio de 2008, que o cambio á xornada continuada non suporía un incremento económico nin para o comedor escolar nin para transporte. E de insinuar este incremento económico por parte da Administración, solicitamos que se nos sexa especificado detalladamente o incremento económico que isto suporía para o C.P.I Luís Díaz Moreno. Aínda que tamén temos constancia que para a instauración do transporte compartido entre transporte e mobilidade, a Xunta de Galicia asumió o aumento do custo en outros vinte colexios para poder seguir mantendo a xornada única.

Despois de traballar na optimización dos recursos de transporte dos que dispoñemos, estas conversas víronse interrompidas polo estado de alarma polo COVID-19 e nunca chegamos a recibir resposta oficial por parte dos mesmos, pese a que as labores administrativas víronse retomadas tras o estado de alarma e incluso houbo algúun centro escolar dentro da comunidade, que se lle concedeu o cambio de xornada pola vía extraordinaria.

Neste intre chegamos a iniciar o curso escolar 2020-2021 ca premisa excepcional do COVID-19 que segue a expandirse entre nós, e encontrámonos con un gran abandono e desamparo organizativo por parte da Administración.

Si xa tíñamos un problema antes do COVID-19 encontrámonos con que agora os nosos fillos e fillas teñen que pasar o día enteiro dende ás 10:10 h até as 17:15 h no centro escolar, máis unha hora de media, no transporte escolar ca máscara posta, aumentando a súa posibilidade dun contaxio innecesario.

Gustaríanos pedirlle á Administración que reflexionen por un intre e pensen nos nosos fillos.

Aínda que sexan grupo de convivencia estable, falamos de nenos de curta idade que pasan todo o día na aula expoñéndose a outros posibles contactos estreitos.

Por iso as familias do C.P.I. Luís Díaz Moreno esiximos unha resposta formal con urxencia onde nos concedan o cambio de horario escolar que lles presentamos para este curso vixente 2020-2021 sen que sexa necesario volver a iniciar o trámite administrativo.

M^a Candelaría Fraga González

(Representante das familias)

Rosa Mallo Ferández

(Representante das familias)

Manel Rodriguez Vilela

(Representante da ANPA)



XUNTA DE GALICIA

ConSELLERÍA de EducACIÓN e O. U.

C.P.I. Luis Díaz Moreno - Baralla (Lugo)

ENTRADA

Nº 21 Data 22.9.20

